



RESOLUCIÓN do 18 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de relixión de primaria, especialidade relixión evanxélica (701402) (código de procedemento ED003A)

Por medio da Orde do 17 de xullo de 2007 da entón Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regúlase a relación laboral do profesorado de relixión e dítanse instrucións relativas á provisión de postos (DOG n.º 143, de 24 de xullo). No artigo 7.3 da citada orde, relativo ás novas contratacións, establécese que cando existan necesidades de profesorado de relixión que non sexan cubertas polos concursos de traslados nin polo profesorado que xa prestase servizos como profesora substituta ou profesor substituto de relixión, nomearanse aquelas persoas ás cales lles corresponda unha maior puntuación aplicando o baremo que se estableza para o sistema de provisión.

Para este sistema de provisión, o artigo 6.2 da Orde do 17 de xullo de 2007 determina que se terán en conta, polo menos:

- a) a experiencia docente como profesor/a de relixión, de maneira preferente nos centros públicos e no mesmo nivel educativo da praza a que se opta;
- b) as titulacións académicas, de modo preferente as máis afíns, polo seu contido, ao ensino de relixión;
- c) os cursos de formación e perfeccionamento, de modo preferente tamén os máis afíns, polo seu contido, ao ensino de relixión.

Logo de esgotadas ou a piques de esgotarse as listas correspondentes ao profesorado de relixión evanxélica, nos niveis de educación infantil e de educación primaria, nos centros docentes públicos que dependen desta consellería, procede realizar a convocatoria para establecer o procedemento para a incorporación de novas persoas candidatas ás correspondentes listas de interinidades e substitucións de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia de relixión católica, nos niveis de educación infantil e de educación primaria nos centros docentes públicos que dependen desta consellería.





Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír, na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

2. Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

3. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

4. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

5. Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio das súas funcións. As persoas aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar igualmente non estar





sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado de orixe o desempeño das súas funcións.

6. Ter sido proposto/a pola autoridade da confesión relixiosa para impartir este ensino nos niveis educativos de infantil e de primaria mediante a autorización de idoneidade da congregación ou igrexa local onde a persoa candidata estea adscrita e máis o certificado emitido polo Consello Evanxélico de Galicia ou calquera entidade dependente da Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.

7. Posuír algunha das titulacións que se indican a continuación: título de doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente, graduado ou diplomado, arquitectura técnica, enxeñaría técnica ou equivalentes.

No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, de 20 de novembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (BOE do 20 de novembro).

Terceira. Solicitudes e prazo

1. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. (código de procedemento ED003A) e efectuar o aboamento de taxas segundo se establece na base quinta.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.





Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As titulacións esixidas como requisito específico para o acceso ás listas de cobertura de interinidades e substitucións así como as funcións que desenvolve este persoal, presupoñen que as persoas aspirantes posúen capacidade técnica suficiente para o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, no sentido do que establece o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como xustificación da obrigatoriedade de presentar as solicitudes exclusivamente por medios electrónicos.

2. O prazo para formular solicitudes será de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

3. Documentación que se presenta necesaria para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda e da documentación acreditativa daqueles méritos que aleguen susceptibles de valoración de conformidade co previsto na base décima, acompañado do modelo normalizado de baremación de méritos (que figure publicado no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal no apartado de profesorado>xestión de profesorado).

b) As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia, unha copia da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no parágrafo segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017.

c) Persoal aspirante que solicite exención ou bonificación das taxas:





- Xustificación de ser membro de familia numerosa de categoría xeral ou especial, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- Xustificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

-Xustificación de demandantes de emprego, achegando os dous documentos seguintes:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego en que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación da resolución desta convocatoria no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación nesta convocatoria non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

- Xustificación da condición de vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos da bonificación da taxa, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

d) Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude (código 300301), consonte á base quinta.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.





Cuarta. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) Títulos oficiais universitarios que dean acceso á función docente e que consten no Rexistro Central do Ministerio de Educación, agás os de mestre/a de ensino primario, diplomatura en profesorado de educación xeral básica, mestre/a ou grao de mestre/a en educación primaria e as titulacións de licenciatura ou enxeñería nos que se requira unha especialidade para formar parte das listas para cubrir interinidades ou substitucións.
- c) Consulta da inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) Acreditación da condición de familia numerosa só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Acreditación da condición de discapacidade só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Estar inscrito/a como demandante de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da resolución desta convocatoria na cal solicite a súa participación e non estea percibindo prestación ou subsidio por desemprego.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Quinta. Importe e pagamento dos dereitos de inscrición nas listas

(Códigos: Consellería de Cultura, Educación e Universidade, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, solicitude de inscrición





nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na administración da Comunidade Autónoma: código 300301).

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 18,04 euros.

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas, logo de xustificación documental:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data desta convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.
- c) As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos da bonificación da taxa, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

–A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

–De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago desta. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.





Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

A non presentación dentro do prazo de presentación de solicitudes da xustificación do pagamento das taxas, no que figure, de ser o caso, o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Sexta. Comisión de valoración

A asignación da puntuación que lles corresponde ás persoas aspirantes será realizada por unha comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

Sétima. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións

O Servizo de Profesorado de Educación Infantil e Primaria da Subdirección Xeral de Recursos Humanos realizará a comprobación dos requisitos.

A comisión prevista no punto sexto realizará a valoración dos méritos tendo en conta o baremo aplicable na valoración dos méritos que figuran na base décima desta resolución.

Logo de realizada a comprobación dos requisitos e a valoración dos méritos, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará unha resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (www.edu.xunta.gal).

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e





Universidade, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet.

Oitava. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos

Logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará unha resolución pola que se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal.

Contra esta resolución que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Novena. Orde de chamamentos

As persoas candidatas seleccionadas ocuparán na lista da correspondente especialidade un número de orde de chamamentos posterior ao da última persoa que consta neste intre na devandita lista.

Décima. Baremo

As persoas seleccionadas serán ordenadas segundo a maior puntuación no baremo de méritos que se publica como **anexo** a esta resolución.

No caso de que se producisen empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación nas epígrafes do baremo de méritos pola orde en que estas aparecen no anexo desta convocatoria.





b) Maior puntuación nas subepígrafes do baremo de méritos pola orde en que estas aparecen no anexo desta convocatoria.

No caso de que persista o empate, o desempate dirimirase a través da letra inicial do primeiro apelido segundo comece pola letra do sorteo que resulte feito no ano da convocatoria pola Consellería de Facenda e Administración Pública para os procedementos selectivos. De resultar necesario aplicarase a mesma letra do segundo apelido.

Décimo primeira. Recursos

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo





ANEXO

I.- Experiencia docente.		
1.1. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de Relixión Evanxélica, no mesmo nivel educativo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas.	1,000 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.
1.2. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de Relixión Evanxélica, en distinto nivel educativo ao que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións públicas.	0,500 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade.
1.3. Por cada ano de experiencia docente na impartición da área ou materia de Relixión Evanxélica noutros centros educativos.	0,150 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace da Inspección Educativa, na que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia de Relixión Católica e nivel educativo.
1.4. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da Relixión Evanxélica en centros públicos dependentes das administracións educativas.	0,125 puntos	Folla de servizos certificada pola administración educativa ou certificacións da/o secretaria/o do centro co visto e prace da dirección, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e especialidade.
1.5. Por cada ano de experiencia docente na impartición de calquera área ou materia distinta da Relixión Evanxélica noutros centros educativos.	0,100 puntos	Certificación da dirección do centro co visto e prace da Inspección Educativa, na que conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia e nivel educativo
II.- Formación académica .- Máximo 10 puntos		
2.1.- Expediente académico no título alegado para o acceso ás listas de interinidades/substitucións, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación esixido ou sexa superior. Con carácter xeral para o acceso ao nivel de infantil e primaria (Diplomatura Universitaria, Enxeñería Técnica ou Arquitectura Técnica ou titulacións superiores); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:		
Escala de 0 a 10 puntos: Desde 6,00 ata 7,50 Desde 7,51 ata 10	1,00 punto 1,5 puntos	Certificación académica persoal orixinal ou copia, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos esixidos para a obtención do título alegado, con indicación





		expresa da nota media
Escala en créditos, de 1 a 4		
Desde 1,50 a 2,25	1,00 punto	
Desde 2,26 a 4	1,5 puntos	
2.2. Posgraos, doutoramentos e premios extraordinarios:		
2.2.1. Polo Certificado-Diploma acreditativo de estudos avanzados ou Título Oficial de Máster (Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, BOE do 30), Suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente.	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.2.2 Por posuír o título de Doutoramento nos estudos de ensinanzas de carácter teolóxico e de formación de ministros de culto referentes á materia, impartidas en centros docentes de nivel superior dependentes da Federación de Entidades Religiosas Evanxélicas de España (FEREDE) e recoñecidos a efectos civiles segundo o Real Decreto 1633/2011, de 14 de novembro («BOE» núm. 276, de 16 de novembro).	2,500 puntos	Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.2.3. Por posuír outro título de doutoramento	2,000 puntos	Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
2.2.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento:	1,000 punto	Documento xustificativo
2.3 Outras titulacións universitarias:		
As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse da forma seguinte:		
2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo:		
2.3.1.1 Por cada diplomatura en estudos referentes á materia recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública sempre que sexa distinto do alegado para o acceso á lista.	1,500 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como de cantas copias de títulos se presenten como mérito ou, se





		é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación e fotocopia do BOE no que se recolle a homologación.
2.3.1.2. Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, sempre que sexa distinto do alegado para o acceso á lista.	1,000 punto	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como de cantas copias de títulos se presenten como mérito ou, se é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.
2.3.2. Titulacións de segundo ciclo:		
2.3.2.1. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo doutras licenciaturas ou títulos de grao en estudos referentes á materia recoñecidos pola confesión relixiosa e homologados pola administración pública, sempre que sexa distinto do alegado para o acceso á lista.	1,5 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como de cantas copias de títulos se presenten como mérito ou, se é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación e fotocopia do BOE no que se recolle a homologación
2.3.2.2. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo doutras licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas, títulos de grao ou títulos declarados legalmente equivalentes	1,000 puntos	Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso na especialidade ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto), así como de cantas





		copias de títulos se presenten como mérito ou, se é o caso, certificacións de aboamento dos dereitos de expedición conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.
III.- Formación e perfeccionamento. Máximo 6 puntos.		
3.1. Por cursos e outras actividades de formación superados ou impartidos relacionados coa ensinanza da Relixión Evanxélica, organizados pola entidade relixiosa correspondente, polas administracións educativas, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións educativas, así como os organizados polas universidades.	0,2 puntos por cada 10 horas	Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
3.2. Por cursos e outras actividades de formación superados ou impartidos organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro, que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades ou entidades eclesiásticas, non incluídos no apartado anterior	0,10 puntos por cada 10 horas.	Copia do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar dun xeito fidedigno o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.

Disposicións complementarias

Primeira.-Unicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda.-Para os efectos da epígrafe I, non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

Terceira.-Non se baremarán os servizos prestados no estranxeiro.





Cuarta.-Nas seguintes epígrafes do apartado I relativo á experiencia docente, por cada mes de servizo, súmanse as seguintes puntuacións:

- Na epígrafe 1.1.: 0,083.
- Na epígrafe 1.2.: 0,041.
- Na epígrafe 1.3.: 0,012.
- Na epígrafe 1.4.: 0,010.
- Na epígrafe 1.5.: 0,008.

Quinta.-Non será necesario xustificar os méritos das epígrafes 1.1, 1.2 e 1.4 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Sexta. A nota media da certificación académica persoal deberá estar calculada conforme ao disposto no Real decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE núm. 224, do 18 de setembro). No caso de que non se remita a certificación académica persoal e, no seu defecto, se presente copia do título ou da certificación do pagamento dos dereitos de expedición, conforme ao Real decreto 1002/2010 do 5 de agosto (BOE núm. 190, do 6 de agosto), considerarase que a persoa aspirante aspirante obtivo a nota media de aprobado.

Para os efectos de valoración do expediente académico do título alegado, o persoal aspirante que obteña o título no estranxeiro presentará certificación expedida pola Administración educativa do país en que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese, ademais, a cualificación máxima e mínima que se poden obter, de acordo co sistema académico correspondente, para os efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas.

Non se valorará a nota media do expediente académico das titulacións declaradas equivalentes para os efectos de docencia.

Sétima.-En ningún caso serán valorados pola epígrafe III aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

No punto terceiro computaranse, ademais dos cursos, as xornadas, congresos, grupos de traballo, seminarios permanentes e os proxectos de formación nos propios centros.

